



### **Redondela, 8 de novembro de 2010. ADEGA participou nas XI Xornadas Estatais en Defensa do Ferrocarril Público e Social**

, celebradas esta edición na vila de Redondela entre o 5 e 7 de novembro, xunto con outros colectivos integrados na Plataforma Salva O Tren e a Plataforma Estatal pola Defensa do Ferrocarril. No decurso destas xornadas ficou patente a preocupación existente en todo o estado polo

#### **desmantelamento sistemático das liñas de ferrocarril tradicionais**

en beneficio do AVE. Trátase dun medio de transporte que, se ben emite menos gases de efecto invernadoiro, resulta un medio caro e esixe infraestruturas de grande impacto ambiental, polo que o aforro en polución non é tan claro. O AVE non debe ser incompatible co tren clásico, o cal presta servizo a inúmeros núcleos de poboación de Galiza. Podes baixar o

#### **relatorio de ADEGA**

nestas xornadas premendo nesta

[Ligazón](#)

As entidades participantes, entre elas ADEGA, manifestaron a preocupación pola inexistencia dunha planificación integral das infraestruturas de transporte, que evite que unhas solapen ou destrúan a outras. Isto tamén implicaría que os organismos públicos de Sanidade ou de Educación medisen os rendementos que o transporte como servizo público e social xera nestes eidos, fronte a outro modelo de mobilidade. Neste senso, o TREN debe ser considerado un servizo público de alto rendemento, pois consegue transportar persoas e mercadorías sen custe de vidas e cun mínimo de afección ambiental. Os argumentos esgrimidos polas Administracións sobre a pouca rendibilidade do tren foron claramente contestados nestas xornadas. Nelas quedou patente que o beneficio social supera en moito aos custes de execución e desenvolvemento das infraestruturas ferroviarias.

